**Duración:** 80 min, **Xénero:** Comedia, **Público:** adulto

Entrada de gratuíta ata completar capacidade



## SÁBADO 31 AGOSTO

21:30 - Praza de Galicia

### **XXIII Encontro Folclórico Malveiras**

Organizado pola Asociación Cultural Malveiras do Carril, coa participación do seu propio grupo de **música e danza e outras agrupacións folclóricas convidadas.**

22:30 a 02:00 - Rúas e prazas da cidade

### **Noite das Meigas**

Dez entidades colaboran no evento, cunha serie de pallozas, nas que servirán queimada e viandas para acompañar a degustación, polas distintas rúas e prazas da cidade, coa seguinte distribución:

O NOSO LAR

Avenida de Mariña

ASOCIACIÓN FONTEFRÍA DE GUILLÁN

Rúa de Juan García

MALVEIRAS

Praza de Galicia

A CANTARELA

Rúa de Castor Sánchez

ASOCIACIÓN CULTURAL LUMARADA

Xardín da Praza de España

ZONA ABERTA

A Baldosa

NÓS DE SOBRADELO

Rúa Alcalde Rey Daviña

OS REMOLÓNS

Rúa de Arzobispo Lago

LA JUNQUERA

Praza do Castro

O SOUTO DE RUBIÁNS

Rúas Castelao/García de Caamaño

## DOMINGO 1 SETEMBRO

11:00 a 23:00 - Parque E. Valdés Bermejo

### **Folk no Alobre**

**Xestión:** Pés de Barro

**Organiza:** Concello de Vilagarcía de Arousa

11:30 - Visita guiada polo Castro e Parque Enrique Valdés Bermejo

13:00 - Sesión Vermú con Cé Orquestra Pantasma

14:00 - Xantar demorado (trae a túa comida). O espazo contará con mesas e cadeiras que pon a organización

16:00 - Obradoiro de baile galego e presentación do libro Bailegramas



### Concertos Folk no Alobre:

#### 18:30 - Grupo Tradicional Os Terribles de Arousa

Grupo de música tradicional galega con máis de vinte anos de traxectoria, composto por seis integrantes que editaron ata o momento cinco discos. O seu último traballo “Barrabás”, inclúe cancións que os seus membros herdaron da grande variedade de grupos de gaitas e charangas das zonas de Arousa e O Salnés coa gaita grilleira como aceno de identidade.

#### 19:15 - Donicelas

Grupo de música tradicional galega que inicia unha andaina por toda Galicia e Portugal dando a coñecer a súa particular perspectiva da música galega. Esta viaxe leva ás Donicelas aos estudos de TVE e TVG, así como a numerosos festivais.

#### 20:30 - Xistra de Coruxo

Grupo coñecido polo seu traballo co floclore, a danza e a recollida de campo a ambos lados do Miño. O seu repertorio inclúe unha mostra significativa de melodías galego-portuguesas que son comúns a Galiza e Portugal.

#### 22:00 - Fiandola

Grupo galego de música con raíz tradicional, o seu traballo parte da música tradicional de Galicia que chega a eles a través do traballo do campo e dos cancioneros e arquivos existentes. É tamén importante o son tradicional nas pezas de composición propia que inclúen no seu repertorio. O baile é o obxectivo final da súa estética musical e do seu directo.

## VERNES 6 SETEMBRO

### Ameixa Rock

19:00 - Praza da Liberdade

#### Pallaso Dani García

20:00 - Saída Peirao do Carril

#### Rutas guiadas á Illa de Cortegada

Visita nocturna onde se poderá gozar do solpor e das diferentes constelacións coa guía astronómica.

**Duración:** 90 min.

Previa inscrición en [info@corticata.com](mailto:info@corticata.com)

22:30 - Praia da Cobacha

#### Festa Carnaval Rock con “A Duendeneta”

(agasallos para todos os que aparezan disfrazados)

## SÁBADO 7 SETEMBRO

### Ameixa Rock

12:00 - Saída Peirao do Carril

#### Rutas guiadas á Illa de Cortegada

**Duración:** 120 min.

Previa inscrición en [info@corticata.com](mailto:info@corticata.com)

12:00 - Praza da Liberdade

#### Feira Solidaria



13:00 - Praza da Liberdade

**Sesión Vermú**

17:30 - Praia da Cobacha

**Olimpiadas Mariñeiras**

Xogos populares aplicados ao mar

18:00 - Saída Peirao do Carril

**Rutas guiadas á Illa de Cortegada**

**Duración:** 120 min.

19:00 - Praza da Liberdade

**Espectáculo:** Rogelio: Un pallaso en recuperación

**Compañía:** Assircopatas

21:00 - Peirao do Carril

**Dj Barbitúrico**

22:00 - Peirao do Carril

**Grupo gañador do III Concurso de Bandas Emerxentes**

23:05 - Peirao do Carril

**Terbutalina**

Banda de Esteiro (Muros) que ven de pasear o seu rock'n roll por festiváis como Son do Camiño, Fuzzville, Son Rías Baixas... nos que compartiron cartel con Siniestro Total ou Manu Chao. No 2014 conseguiron o "Premio ao mellor álbum en galego" nos Premios da Música Independente

00:15 - Peirao do Carril

**N.E.O.**

O maestro da guitarra Alberto Cereijo e o seu compañeiro en "Los Suaves", o batería Tino Mojón, volven a contar co baixista Diego P. Castro, incorporando como novidade ao cantante galego Pedro Regueira, neste novo proxecto que leva por nome N.E.O.

02:45 - Peirao do Carril

**TNT Band**

Os Vilagarciáns, a pesares da súa xuventude, xa teñen un percorrido no mundo da música, con momentos inesquecibles, como telonear a Rosendo ou as dúas participación no Musicaula School Festival, quedando no pasado 2018 nun meritorio segundo lugar entre as máis de 100 bandas a nivel nacional.

03:45 - Peirao do Carril

**Dj Barbitúrico**

Mitad valenciano, mitad galego, 100% Carrilexo, dj Barbitúrico traerá a súa sesión máis SKa ao Ameixa Rock, deleitando os nosos sentidos entre directo e directo.



18:00 - 00:00 - Praza da II República

### **Nintendo Switch Tour**

Actividade para poder gozar dunha tarde en familia, probaredes as últimas novas en xogos e fabricaredes o voso propio ToyCon de cartón no taller de Nintendo Labo, veredes como cobra vida ao interactuar coa videoconsola.

Evento gratuíto para todos os públicos e dirixido a todas as idades

## **DOMINGO 8 SETEMBRO**

### **Ameixa Rock**

10:30 – Circuito por Carril

### **Exhibición Canicross**

### **Ameixa Rock**

13:00 – Praza da Liberdade

### **Sesión Vermú The Velvet Crab**

É un grupo acústico de versións clásicas (pop, soul, rumba, folk e rock) das Rías Baixas. Caracterízase pola variedade de estilos que abarcan e pola voz da súa vocalista, Amber Bevan.

### **Fin do Festival**



18:00 – 00:00 – Praza da II República

### **Nintendo Switch Tour**

Actividade para poder gozar dunha tarde en familia, probaredes as últimas novas en xogos e fabricaredes o voso propio ToyCon de cartón no taller de Nintendo Labo, veredes como cobra vida ao interactuar coa videoconsola.

Evento gratuíto para todos os públicos e dirixido a todas as idades

## **ESPECIAL REVENIDAS:**

### **VENRES 9 AGOSTO**

REVENIDAS19, o festival das linguas, conta con varios escenarios nun recinto pechado para os concertos de pago. Ademais ofrece un amplo espazo de acceso libre na contorna do porto, da Praia do Preguntoiro, ao redor do edificio da Praza de Abastos e no Parque de Dona Concha, onde terá lugar as actividades gratúitas para todos os públicos.

20:00 – Porto de Vilaxoán **(concertos de pago)**

### **CONCERTOS**

**Flow do Toxo**

**Erin**

**Desakato**

**Mal Eleve**

**The Baboon Show**

**Hard Gz**

**Tribade**

**Ferromona DJ**



**The Baboon Show** | Na procura dun nome "feo e fácil de lembrar" e que supuxese unha crítica á clase política, bautízanse en 2003 como The Baboon Show. A súa música, un punk rock garaxeiro, directo e sen contemplacións, ten influencias de Blondie, Ramones, Buzzcocks e, por suposto, da onda de rock escandinavo xurdida a finais dos 90. Se hai unha banda que naceu para rachar con todo, esa é o cuarteto sueco The Baboon Show.

### SÁBADO 10 AGOSTO

13:00 – 14:00 – 17:00 – Peirao de Vilaxoán

#### Concertos a Bordo

Concertos para 12 persoas a bordo do Chasula, antigo barco xeiteiro, roteiro pola Ría de Arousa con degustación de produtos galegos (comida e bebida), concertos e charlas sobre cultura mariñeira.

**Prezo:** 20€, + info e reservas en [www.revenidas.com](http://www.revenidas.com)

13:30 - Parque Dona Concha

#### Gran Sardiñada Popular

**Cociñeiros Mahou: Inés Abril** (Showcooking de cociña moderna con sardiñas)

**Os Terribles de Arousa**

**Thomas Dylan & Balea**

**Brassica Rapa**

17:30 – Parque Dona Concha

#### Gala de Circo pro refuxiadas

Presenta: **Isa Risco**

Con: Pajarito-Clown, Patty Diphusa-Clown, Mireia Miracle Clown, Desastronauts-aéreos e a música de Brassica Rapa.

20:00 – Parque Dona Concha

#### Sardiñada Popular Revenidas

20:00 - Porto Vilaxoán. Recinto **(concertos de pago)**

**TNT Band**

**Gatillazo**

**Rebelióm do Inframundo**

**Talco**

**Valira**

**Skacha**

**El niño de la hipoteca**

**DJ Plan B**

**GATILLAZO** pisará este agosto o #Revenidas19 para cantar contra a careta da 'paz social', contra o falso e artificial mito da 'eterna mocidade' ou contra os tertulianos. Trinta anos despois dos seus inicios Gatillazo preséntannos con Como converterse en nada un novo exercicio de punk rock rugoso e sen engurras; 14 novas cancións cheas de ironía e rabia co inconfundible selo de Evaristo Páramos, mítico cantante que non para e que aí segue, sen despeitarse.



**TALCO** Empezaron hai 14 anos en pequenas salas de Marghera e cun disco chamado "Tutti Assolti". Agora presentan o seu novo traballo " And the Winner Isn't", 13 cancións do clásico Punkchanka da banda, pero cun matiz moito máis punk rock de corte californiano. Xamais un disco de TALCO soara así de potente e que se achegara tanto ao espírito en directo da banda.

**SKACHA** | A vida levounos o retiro e a morriña tróuxoos de volta; a veterana banda galega de punk/rock, " SKACHA " volta ás andainas para rescatar o son que os situou coma unha das bandas referentes do streetpunk estatal. Os galegos, voltan baixo a formación orixinal de "A ferro e lume " (2006), con Esteban (voz), Kino (batería, coros), Gontxu (guitarra/coros), Pablo baixo/coros) e Max (guitarra). Eran xa moitos os que pedían a berros a volta da banda viguesa e os seus himnos os escenarios e será neste 2019 cando voltarán a soar despois de un máis que merecido descanso de 7 anos.

**REBELIOM DO INFRAMUNDO** | Os rapeiros das Rías Baixas dan un paso máis na súa particular visión do Hip Hop, onde a crítica social convive en harmonía con líricas máis íntimas, e chegarán ao Revenidas con "Illegal", o seu terceiro álbum. Ritmos actuais e por primeira vez na súa discografía, a incorporación dunha colaboración que chega da man das valencianas Mafalda, aportan novas cores a un grupo que camiña cara á súa consolidación na escena musical estatal con este novo LP 100% autoeditado en galego.

## DOMINGO 11 AGOSTO

13:00 – 14:00 – 17:00 – Peirao de Vilaxoán

### Concertos a Bordo

Concertos para 12 persoas a bordo do Chasula, antigo barco xeiteiro, roteiro pola Ría de Arousa con degustación de produtos galegos (comida e bebida), concertos e charlas sobre cultura mariñeira.

**Prezo:** 20€, + info e reservas en [www.revenidas.com](http://www.revenidas.com)

13:30 – Parque Dona Concha

### Carolina Rubirosa

### Dakidarría

### Concerto Punkinfantil (Peter Punk)

17:45 – Porto de Vilaxoán. Recinto **(concertos de pago)**

### Gogol Bordello

### Nao

### Doctor Krapula

### Gambeat

### Los Jinetes del Trópico

### Bastards on Parade

### Leo Arremecaghona

### Chocolate Remix

### La Duendeneta





**GOGOL BORDELLO** respira ao ritmo que marca a música xitana da vertente ucráina dos Cárpatos, o dub, o ska e, chegado o caso, ata a rumba ou a tradicional tarantella italiana. Se o escoitas, convérteste en fan ipso facto como lle ocorreu a unha das súas máis ilustres admiradoras, a mesmísima Madonna, que caeu rendida aos pés deste cingaro de gran mostacho. Actuou nos mellores festivais do mundo (Reeding, Glastonbury, Alive Lisboa...). Ademais, a prestixiosa revista Rolling Stone cualificou ao de Gogol Bordello entre os 20 mellores directos do mundo.

**CHOCOLATE REMIX** o proxecto de reggaetón encabezado por Romina Bernardo desde 2013 fai unha crítica ao machismo asociado a este estilo e resignificándoo ao utilizar a súa mesma lóxica musical, creando un concepto ao que denomina “ Lesbian Reggaeton”. A proposta xoga cos estereotipos propios do xénero, e aproveitando o forte contido sexual característico deste estilo, aprópiase del para recrealo en clave queer e abordar temas tabú sobre o pracer feminino, a sexualidade e denunciar ademais diversas temáticas que frecuentemente afectaron ao colectivo feminino e LGTB como a discriminación, a censura e a violencia a través das súas letras.

## ACTIVIDADES DEPORTIVAS DE VERÁN

### 1 DE XULLO – 30 DE AGOSTO

#### Actividades fisio-recreativas

(**Gratuitas e sen inscrición**)

Luns a venres de 9:00-10:00 e de 10:00-11:00

Parque Compostela

#### **Ximnasia de Mantemento**

Martes e xoves de 11:00-12:00

Fexdega

#### **Aeróbic**

Martes e xoves de 09:00-10:00

Fexdega

#### **Bádminton**

Martes e xoves de 09:00-09:45 e de 10:00-10:45

Fexdega

#### **Pilates**

Luns e mércores de 09:00-10:00 e de 10:00 a 11:00

Fexdega

#### **Ioga**

### 2 DE XULLO – 31 DE AGOSTO

#### Actividades fisio-recreativas

Dous días hora e media cada día, na Praia de Compostela

#### **Escola Multideportiva de Verán**

Para nenos de 7 a 14 anos: 12,00€/18:00€



Venres de 10:00 a 13:00 – Fexdega

### **Patinaxe**

### **8 DE XULLO – 23 DE AGOSTO**

#### **XVII Torneo de tenis de verán**

Pistas tenis do Centro Deportivo Municipal de Fontecarmoa

#### **Categorías:**

Categoría A: do 2010 ao 2007 (de 8 a 11 anos)

Categoría B: do 2006 ao 2001 (de 12 a 17 anos)

Open: 2000 a 1967 (51 anos en diante)

Absoluta masculina e feminina

Organiza: Fundación de Deportes

+ info: [fdactividades@vilagarcia.gal](mailto:fdactividades@vilagarcia.gal)

### **8 DE XULLO – 23 DE AGOSTO**

#### **Torneo de Baloncesto de Verán**

20:30 – Pavillón nº2 do Centro Deportivo Municipal de Fontecarmoa

De luns a venres

**Organiza:** Basket Base Club; **Colabora:** Fundación de Deportes

### **12 DE XULLO – 26 DE XULLO**

#### **II Torneo de Badminton por parellas de verán**

20:00 – Fexdega

**Organiza:** Fundación de Deportes

### **23 DE XULLO – 30 DE XULLO**

#### **Campionato de Europa de vela da clase snipe**

Augas da Ría de Arousa

**Acto inaugural:** 23 de xullo ás 20:00 na Praza de Galicia

**Regatas:** do 25 ao 30 de xullo

**Acto de clausura:** 30 de xullo ás 20:00 na Praza de Galicia

**Organiza:** Federación Galega de Vela

**Colabora:** Fundación de Deportes

### **26 DE XULLO**

#### **XII Torneo La Marina de xadrez nocturno**

19:00 – Alameda

**Organiza:** Club Xadrez Fontecarmoa e a Fundación de Deportes.

### **27 DE XULLO**

#### **XVI Carreira Nocturna Concello de Vilagarcía**

21:00 – Lugar de saída e meta: Avenida da Mariña (rúas do circuito Avenida da Mariña, Rivero de Aguilar, Valle Inclán, Alexandre Bóveda, Valle Inclán, Rivero de Aguilar, Elpidio Villaverde e Avenida da Mariña.

**Organiza:** Fundación de Deportes

### **27 DE XULLO**

#### **Partido RC Celta – Lille Olympic FC**

20:30 – Estadio Municipal de A Lomba



**Organiza:** Arosa S.C. **Colabora:** Fundación de Deportes

### 23 DE AGOSTO

#### **I Torneo do Ferreiro de xadrez nocturno**

19:00 – Avenida Rodrigo de Mendoza

**Organiza:** Club Xadrez Fontecarmona e a Fundación de Deportes

### 1 DE SETEMBRO

#### **LIV Travesía a Nado ao Porto de Vilaxoán**

Praia do Preguntoiro

**Distancias:** 2000 metros, 900 metros e 250 metros (menores).

### 6 E 7 DE SETEMBRO

#### **IV Torneo EncestaRías**

19:00 e 21:00 – Pavillón nº1 do Centro Deportivo Municipal de Fontecarmona

**Organiza:** Asociación Deportiva e Cultural EncestaRías

**Colabora:** Fundación de Deportes

### 22 DE SETEMBRO

#### **XVI Memorial Adolfo Pedrido de Xadrez**

Pavillón Municipal Castelao

Organiza: Fundación de Deportes

## ESPECIAL FESTACLOWN

### **Venres 26 Xullo**

20:30 – Praza da Liberdade en Carril

### **Xoves 8 Agosto**

21:00 – Centro Cultural de Guillán

### **Luns 19 Agosto**

19:00 – Rúa Rey Daviña, esquina Valentín Viqueira

#### **Rogelio: Un pallaso en recuperación**

Rogelio leva encerrado na súa casa 20 anos. No instituto facíanlle Bullying. Despois de ler a Paulo Coelho e seguir unha terapia de 12 pasos, está no último banzo. Paso número 12: facer en público o que máis lle gusta, a maxia. Se hoxe sae todo ben, danlle a alta médica. Iso só se cura coa axuda do público. Un espectáculo de clown desde un pallaso que non ten moito filtro e que necesita ao público como un elemento máis do espectáculo. Maxia, escapismo, clown e moitas sorpresas máis.

### **Sábado 17 agosto**

13:00 - Praza Independencia

20:00 – Praza do Castro

#### **Muuu!**

Onde están cando se lles necesita? É unha pregunta que estamos feitos a facernos sobre os amigos, os políticos, a familia, etc.. algunha vez eles faian pero os superheroes sempre estarán alí para coidarte. Dous superheroes que están dispostos a todo para axudar, aínda



que as cousas non saian sempre como queren. Os seus problemas son os teus problemas, coa crise, a conciliación laboral e familiar faise difícil incluso para eles. No fondo todas somos superheroes. Un espectáculo de novo circo, de vellos amigos, de clown, de malabares diarios para chegar a fin de mes, de saltos mortais, de golpes e caídas das que un aprende e sae adiante e sobre todo de risas que é o máis necesario. Ti non os ves, pero eles estante mirando.

### **Sábado 17 agosto**

19:00 – Rúa Rey Daviña, esquina Valentín Viqueira

#### **Cirkote**

Circo de Rúa é teatro, circo, malabares e humor, sobre todo moito humor para encher de alegría, colorido e diversión rúas e prazas de pobos vilas e cidades, No espectáculo se combina técnicas de circo, clown e teatro cómico e de participación, nunha relación directa actor-público, que pasará a formar parte activa e indispensable dun espectáculo no que che pode acontecer de todo, incluso que ti acabes sendo a estrela da función.

### **Sábado 17 agosto**

21:30 – Praza de Galicia

#### **Olé**

Miguel de Lucas é un mago atípico, é un personaxe peculiar que ademais de usar a maxia como instrumento para divertir e namorar, é capaz de crear absurdas situacións improvisadas co tan só uso da palabra e o xesto. En Olé mestúranse estas situacións con disparatados números de maxia, que tomando como base o público familiar demostran que a maxia é unha linguaxe universal co que se pode xogar e experimentar sen esquecer que a rúa é un contexto idóneo para propoñer cousas esperando moito a cambio: bólas que se multiplican, panos que aparecen e desaparecen, aneis que voan, un número final de escapismo, e moita enerxía máxica, serán tan só algúns dos ingredientes que terás neste espectáculo protagonizado polo presentador do programa de A2 de Televisión Española, Un País Máxico.

### **Domingo 18 agosto**

13:00 – Praza da Independencia

19:00 – Rúa Rey Daviña, esquina Valentín Viqueira

#### **Superharte**

Patty Diphusa é unha Hartista, con h maiúscula. E vén traernos un pouco de Harte, e moito de Hamor. Durante 50 minutos esta pequena gran Hartista tentará, literalmente, chegar ao máis alto, utilizando para iso todas as habilidades ao seu alcance; bailando, rubindo, inchando globos e incluso meténdose dentro de eles.

### **Domingo 18 agosto**

20:00 – Praza do Castro

#### **C'est pas la vie**

Por diante un día máis de traballo, e baixo a súa responsabilidade, que todo estea listo para o inicio da función. Afeita traballar na sombra, a técnica e rigger é a encargada de montar o pórtico de aéreos e preparalo todo para que a Gran Artista brille en escena. Responsable, disciplinada, eficaz e profesional, cada día pon o mellor de si mesma. Pero hoxe a súa rutina vai ser alterada pola mirada do público, espertando o seu lado torpe e fantasioso, levándoa a facer o que cría imposible.



### **Domingo 18 agosto**

21:30 – Praza de Galicia

#### **Vol e Temps**

Un pacto, un código secreto, unha cápsula do tempo, unha promesa... Dentro de 20 anos no mesmo sitio á mesma hora. A vella casa da árbore onde dous amigos compartían as súas tardes de lecer entre xogos, risas, fantasías e complicidade. O tempo pasa e a distancia é inevitable pero non ten que supoñer o esquecemento. E dous personaxes que atoparon a maneira de poder seguir xuntos na distancia aínda que a vida lévelles por camiños diferentes. DistanS fala de amizade: os recordos que seguen vivos nos nosos corazóns a pesar dos anos, da fragilidade do ser humano, da ruptura, a soidade, e do amor capaz de rexenerar e reconstruír as nosas relacións cos demais. Unha viaxe a través das emocións nun espazo visual e sonoro que envolve as escenas de circo acrobático e teatro xestual que conforman un espectáculo orgánico, sensible e divertido. Portes acrobáticos, acrobacias dinámicas, corda frouxa, malabares musicais, música en directo, barra fixa, slapstick, teatro xestual, son as ferramentas que apoiadas pola dramaturxia conforman unha historia próxima e emocionante capaz de conmover a todos os públicos e transmitir valores necesarios para unha sociedade actual.

### **Luns 19 agosto**

12:00 – Centro Lar de Saúde Mental

#### **Clowntamination**

O circo mais pequeniño que poidas imaxinar está a piques de chegar coas actuacións estelares da pulga "Elegante" e a poética Plumerita, a Mosca indomable e o Mono adorable, os irmáns Coello e uns Cans equilibristas de moito coidado, e sen ningunha dúbida...o pallaso RudiDudi...e moito máis.

Unha actuación interactiva, de ritmo alto e con moita variación, especialmente elaborado para os máis cativos - 3 a 6 anos. Aviso : todos os animais son totalmente imaxinarios ou de xoguete.

### **Luns 19 agosto**

13:00 – Praza de Galicia

20:00 – Praza do Castro

#### **Concerto con Fusión**

Catro músicos, descoñecidos, de estilos moi diferentes, chegan ao palco cos seu instrumentos. O descubrimento dunha marimba e de todas as súas posibilidades fai que, o que podería ser un desastre, se converta nun divertido exercicio de virtuosismo, cooperación e fusión musical. Entre partituras, atrís e baquetas, os catro protagonistas van descubrindo, pouco a pouco, tema a tema, que teñen un pasado en común e unha increíble querenza por facer músicas (con)fusionando estilos.

### **Luns 19 agosto**

21:30 – Praza de Galicia

#### **Rojo**

Unha pallasa sae do interior dunha maleta, converte ao público na súa familia e despídese del cargada de ilusión e moitos trastes. Pero a viaxe será interrompido por un obstáculo: unha fronteira. Ese límite será o que lle permita o xogo, a danza e as diferentes maneiras para afrontar aquilo que se interpón no seu camiño. O público será durante toda a viaxe parte do espectáculo: unha multitude que se despide axitando panos brancos, unha nai que lle axuda a vestirse, un home que se toma un café con ela a través do aramado, unha muller que lle ofrece



unha corda para saltar ou uns mozos que se converten nas columnas que sosteñen o tellado da súa casa. Ao final, e sempre grazas a todos, conseguirá o seu obxectivo: a liberdade.

### **Martes 20 agosto**

13:00 – Praza de Galicia

20:00 – Praza do Castro

#### **Alquimia**

O mago Teto, tras varios anos estudando, experimentando e intentando descifrar a estraña simboloxía dos libros sobre alquimia ponse na pel dos alquimistas perseguindo o seu soño e buscando a pedra filosofal; non para conseguir a riqueza e a vida eterna, senón a alquimia que esta dirixida ao corazón, ¡a felicidade!

A felicidade do público e do propio mago, e así lograr a súa “Gran Obra”. Auga, terra e aire farán posible esta nova aventura do Mago Teto.

### **Martes 20 agosto**

19:00 - Rúa Rey Daviña, esquina Valentín Viqueira

#### **Letriska Inmobile**

Isla Letriska presenta este delirante espectáculo no cal combina disciplinas de Novo Circo: malabares, pallaso, equilibrios... Xunto a excentricidades e xogos co público. Un personaxe eléctrico e bastante tolo sorprenderá a todos realizando proezas como: malabares increíbles, memorizar centos de nomes, darlles novos usos a obxectos cotiáns, pelexar co público ou converter a un neno nun grande artista de circo. Habilidade, perspicacia, velocidade mental e sobre todo tolería, moita tolería. Pequen@s e grandes sacarán @ tol@ que levan dentro.

### **Martes 20 agosto**

21:30 – Praza de Galicia

#### **Etxea**

Un mastro chinés, creado como estrutura 100% autónoma, é o eixo principal ao redor do cal se desenvolverá a acción Un só de Diego Aimar, no que se mesturan as técnicas de clown, mastro, acrobacia e equilibrios tecendo unha sutil rede de emocións.

### **Mércores 21 agosto**

11:00 – Praza de Galicia

#### **O Valo**

Nos últimos anos o mundo está a vivir unha crecente crise de refuxiados e refuxiadas que foxen da guerra. Cada día hai miles de persoas que deben tomar a decisión máis difícil da súa vida: abandonar o seu fogar na procura dunha vida mellor. Ante esta situación, Pallasos en Rebeldía – entidade de cooperación internacional a través das artes e con ampla traxectoria en zonas de conflito – decide crear e producir este espectáculo, coa crise das persoas refuxiadas de fondo, para convidar ao público infantil a reflexionar e tomar conciencia sobre esta problemática que está a se enquistar nas nosas fronteiras. A partir do maravilloso texto de Carlos Labraña, merecedor do IX Premio Manuel María Literatura Dramática Infantil, *O Valo* fala do encontro de dous mundos, dúas realidades, dúas consciencias encarnadas en dous personaxes ben distintos: O Soldadiño de Chumbo e Sahara, a rosa do deserto. Un encontró a ambos os dous lados dunha fronteira que non só separa a civilización do baleiro, senón que abre unha ferida no corazón da humanidade.



### **Mércores 21 agosto**

13:00 - Rúa Rey Daviña, esquina Valentín Viqueira

#### **On Time**

Unha parella esperta para vivir os seus soños, descubriendo a rutina e o traballo como un xogo acrobático delirante. Home e muller enfróntanse ata atopar na harmonía do soño, a lixeireza do humor, e a enerxía da acrobacia, a súa conexión coa realidade. Vivir os soños e soñar espertos, on time lémbra-nos o lindo que é querer, crer e voar.

### **Mércores 21 agosto**

20:00 – Praza do Castro

#### **Atempo**

É un espectáculo de circo contemporáneo, unha conmovedora e lúdica peza artística chea de enerxía, humor e poesía. Mestura impresionantes acrobacias de man a man danza e teatro gestual, presentando unha visión orixinal da evolución do ser humano e a nosa humanidade.

### **Mércores 21 agosto**

19:00 – Praza de Galicia

22:30 – Praza de Galicia

#### **Trapezio Volante**

Catro trapecistas, unha barra e unha estrutura de trapezio volante, só hai que conseguir axustalo para, poder conquistar o aire coas súas acrobacias, non sen algunha caída inesperada . 20 minutos de espectaculares voos en clave de humor.

### **Mércores 21 agosto**

21:00 – Salón de Actos Auditorio Municipal

#### **Yo, Mussolini**

Leo Bassi volta a posicionarse fronte á extrema dereita cun espectáculo nado do auxe en todo o mundo da vella ideoloxía fascista. Un desafío directo á xente que ten loitado sempre por unha vida máis solidaria e humanista. Trátase dunha peza provocadora e divertida, pensada para xerar optimismo e dar ao público que sae do teatro gañas de resistir, o mellor, Resistir! con intelixencia á intolerancia, e é que a mensaxe máis importante de Yo, Mussolini é que o fascismo crece polo medo que xera e que o mellor antídoto contra o medo é o sentido do humor.

### **EXPOSICIÓNS:**

**Sala de Exposicións do Auditorio Municipal**

**Do 2 de agosto ao 20 setembro**

**Exposición colectiva “GALEOSKA”**

**Sala de Exposicións Antón Rivas Briones**

**Do 9 de agosto ao 18 setembro**

**Exposición colección “75 ANIVERSARIO DE FUNDICIONES REY”**